

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 15 DE DECEMBRO DE 2023
POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA PARA O
ANTICIPO DE FINANCIAMENTO ESTRUTURAL A
GRUPOS DE INVESTIGACIÓN DE TRAXECTORIA
DESTACADA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O ANO
2024.**

O desenvolvemento da actividade de I+D+i require a dispoñibilidade de recursos económicos estables que permitan manter unha estrutura material e humana mínima, ademais da adicional que corresponda para a realización de proxectos específicos. Na Universidade de Vigo existen numerosos grupos de investigación caracterizados por un historial destacado de actividade de I+D+i.

En moitas ocasións, aínda mantendo un nivel de ingresos medios estables, estes grupos atópanse suxeitos a diminucións na dispoñibilidade de financiamento, nomeadamente derivados de retrasos na resolución de convocatorias competitivas externas. Isto dificulta notablemente o desenvolvemento da súa actividade, repercutindo negativamente na eficiencia e podendo chegar a afectar ao nivel de excelencia ao que poden aspirar.

Aínda que moitos destes grupos de investigación de calidade xa dispoñen dunha AEI-Acción Estratéxica de Investigación- que contribúe eficazmente a superar estas interrupcións de financiamento operativo, cómpre novamente activar ferramentas que permitan aliviar a problemática exposta, respectando as limitacións orzamentarias e legais asociadas á conxuntura actual.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos da Universidade de Vigo,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Publicar a convocatoria para o anticipo de financiamento estrutural a grupos de investigación de traxectoria destacada da Universidade de Vigo, de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O REITOR

P.D. R.R. 31/10/2023 (DOG de 10 de novembro)

A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación

ANEXO I - BASES REGULADORAS

1. Obxecto

A presente convocatoria ten como obxectivo facilitar a dispoñibilidade de recursos económicos continuados e estables para o desenvolvemento da actividade dos grupos de investigación da Universidade de Vigo, contribuíndo así a minimizar as interrupcións no financiamento ocasionadas por retrasos na resolución de convocatorias competitivas externas. Este financiamento proporcionarase na modalidade de anticipo, que será reintegrado polos grupos de investigación con cargo aos fondos propios captados, nomeadamente o aval da súa AEI.

2. Destinatarios

Esta liña de axudas en forma de anticipo está destinada aos grupos de investigación que disfrutaran no ano 2023 da última anualidade dunha axuda da convocatoria de *Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do SUG da Xunta de Galicia*, nas modalidades de **Grupos de referencia competitiva (GRC)** ou **Grupos con potencial de crecemento (GPC)**, e que se comprometan a concorrer á mesma convocatoria no ano 2024. As axudas consistirán nunha única anualidade, coas características e condicións que se especifican no **Anexo II**.

3. Financiamento

A convocatoria é de tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que a súa eficacia queda condicionada á aprobación definitiva do orzamento do exercicio 2024 polos órganos competentes e á correspondente existencia de crédito.

O importe total máximo é de 300.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2024 00VI 131H 641.02.

4. Formalización de solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes serán presentadas pola persoa coordinadora do grupo de investigación a través da sede electrónica da Universidade de Vigo, no enderezo <https://sede.uvigo.gal/>, mediante unha instancia xenérica SXER, sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

En calquera caso, as solicitudes deben acompañarse do formulario de solicitude, segundo o modelo dispoñible en <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>

A persoa coordinadora do grupo actuará en representación de todos os membros do grupo, de acordo co indicado na Normativa de grupos, agrupacións e centros singulares de investigación da Universidade de Vigo, e ten polo tanto a obriga específica de informar e ter o acordo de todos os integrantes do grupo en relación coas condicións da convocatoria.

O prazo de presentación das solicitudes será **dun mes** contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

5. Emenda de solicitudes

Recibidas as solicitudes, e revisados os expedientes conforme ao establecido nas bases desta convocatoria, ditarase resolución provisional de solicitudes admitidas e excluídas coa súa causa de exclusión, no caso de que a documentación achegada fose incompleta ou contivese erros emendables. Os grupos solicitantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación no [taboleiro electrónico](https://sede.uvigo.gal/) da sede <https://sede.uvigo.gal/> e na web de convocatorias <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>, da Universidade de Vigo para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. De non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Durante o período de emenda non se poderán reformular as solicitudes presentadas.

6. Avaliación e selección

A Comisión de Investigación da Universidade de Vigo, delegada de Consello de Goberno, será a encargada do proceso de avaliación de solicitudes e selección de grupos adxudicatarios das axudas, segundo os criterios de selección que se indican no Anexo II.

7. Concesión dos anticipos

O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento será de seis meses, contados desde a data de remate do prazo de presentación de solicitudes. A non resolución en prazo faculta as persoas interesadas para entender desestimadas a súas solicitudes por silencio administrativo.

A Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, á vista da proposta da Comisión de Investigación, ditará resolución provisional motivada de adxudicación e denegación dos anticipos. As persoas interesadas poderán formular alegacións contra esta resolución nun prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro electrónico da sede <https://sede.uvigo.gal/> e na web de convocatorias <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/index>, da Universidade de Vigo.

Unha vez examinadas as alegacións presentadas, a Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación ditará a resolución definitiva de concesión, que expresará a relación de anticipos concedidos e denegados.

Contra a esta resolución, que porá fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. Procedemento de amortización ou reintegro dos anticipos

O Servizo de Apoio á Investigación e Desenvolvemento da Universidade de Vigo levará a cabo un control dos anticipos adxudicados de acordo co seguinte procedemento:

- a) Se o grupo resulta adxudicatario dunha Axuda para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do SUG da Xunta de Galicia na convocatoria 2024, o adianto converterase nunha axuda con financiación allea, quedando suxeita á normativa reguladora da financiación externa conseguida a todos os efectos.
- b) Se o grupo non resultase adxudicatario na mencionada convocatoria 2024 da Xunta de Galicia, aplicarase o procedemento de reintegro mediante transferencias ou retencións de crédito nas partidas con recursos propios que indique o grupo de investigación.

9. Seguimento, incumprimento e sancións

Realizarase unha comprobación da devolución do adianto ao final do ano 2024. Se non se reintegrase a totalidade do importe adiantado, o grupo e todos os seus membros quedarán inhabilitados para presentarse a calquera convocatoria propia de axudas á investigación da Universidade de Vigo ata que se reintegre a totalidade dos importes gastados con cargo a este anticipo.

Ademais, todos os créditos a disposición do grupo de investigación serán retidos durante os 5 anos posteriores á finalización do anticipo ou ata completar o reintegro da totalidade dos importes gastados con cargo a este anticipo.

No mes posterior á finalización do anticipo, os grupos adxudicatarios deberán presentar na Vicerreitoría de Investigación un breve informe (máximo 500 palabras) de conclusións da evolución da actividade de I+D+i durante o período.

10. Publicidade , transparencia e tratamento de datos

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que se facilitan na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria para o anticipo de financiamento estrutural a grupos de investigación de traxectoria destacada da universidade de Vigo para o ano 2023, e amparados pola Lei 17/2022 do 5 de setembro pola que se modifica a Lei 14/2011, de 1 de xuño da ciencia, tecnoloxía e a innovación e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza desta convocatoria para o anticipo de financiamento estrutural a grupos de investigación de traxectoria destacada da universidade de Vigo para o ano 2024. Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

Mediante o cumprimento do formulario de recollida de datos persoais, a persoa participante consinte expresamente o citado tratamento aos efectos de cumprir coa descrita finalidade del e terá o dereito a retirar o devandito consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos.

A persoa participante ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Poderá exercer os devanditos dereitos mediante solicitude dirixida ao reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir a dita solicitude directamente á delegada de protección de datos da responsable cuxa identidade e datos de contacto son Ana Garriga Domínguez, enderezo postal Facultade de Dereito, Campus Universitario As Lagoas-Marcosende, s/n 32004 Ourense teléfono: 988368834, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, a persoa participante ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ANEXO II

a. Número, importe e duración dos anticipos

Os niveis posibles de financiamento e a duración dos anticipos son os seguintes:

- **Modalidade 1.** Importe total máximo de **30.000 euros**, nunha única achega
- **Modalidade 2.** Importe total máximo de **10.000 euros**, nunha única achega

O número de anticipos concedidos de cada modalidade será determinado pola Comisión de Investigación.

b. Conceptos de gasto

Os importes dos anticipos poderán destinarse a financiar os seguintes conceptos, sempre que se relacionen coa actividade de I+D+i do grupo de investigación adxudicatario:

- Custo de contratación de persoal investigador ou auxiliar de investigación. Inclúese o custo de persoal dedicado de xeito específico ás funcións de xestión do grupo.
- Pequeno equipamento inventariable e material funxible de laboratorio.
- Material bibliográfico, cotas de coloquios e congresos e adhesión a sociedades científicas. Non se considerará nesta epígrafe o persoal colaborador externo do grupo
- Formación do persoal do grupo relacionada coa actividade obxecto do anticipo mediante estadias curtas cunha duración mínima de quince días e máxima de tres meses. Non se considerará nesta epígrafe o persoal colaborador externo do grupo.
- Viaxes e axudas de custo de membros do grupo para a actividade obxecto do anticipo, sempre que a contía non exceda o 20% dos gastos totais. Non se considerará neste apartado o persoal colaborador externo do grupo.
- Investigadores/as visitantes.
- Organización de actividades de difusión, así como presenza en medios de comunicación.
- Ferramentas de xestión do coñecemento e a información, tales como aplicacións informáticas, bases de datos etc.
- Publicación dos resultados da investigación en aberto (sempre e cando sexan como consecuencia de actividades do grupo). Non son de aplicación nesta epígrafe os gastos de autoedición ou similares.
- Consultoría e asesoramento externo para deseñar e aplicar a estrutura e a estratexia do grupo, así como contratación de servizos externos entendidos como actividades prestadas por terceiros de forma puntual, tales como análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultorías, asistencias técnicas e servizos equivalentes para a execución das actividades investigadoras propias de grupos e proxectos.

A Vicerreitoría de Investigación, Transferencia e Innovación e a Xerencia poderán ditar instrucións específicas para unha mellor definición dos conceptos de gasto aplicables.

c. Requisitos dos/as solicitantes

Estes anticipos poderán ser solicitados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo rexistrados no SUXI-XC na data de publicación da convocatoria que cumpran os seguintes requisitos:

- **Modalidade 1:** ter desfrutado no ano 2023 da última anualidade dunha axuda da convocatoria de *Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do SUG* da Xunta de Galicia, na modalidade de **Grupos de referencia competitiva (GRC)**, estar en condicións de presentarse á correspondente convocatoria da Xunta de Galicia no ano 2024 e comprometerse a facelo.
- **Modalidade 2:** ter desfrutado no ano 2023 da última anualidade dunha axuda da convocatoria de *Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do SUG* da Xunta de Galicia, na modalidade de **Grupos de referencia competitiva (GRC)** ou de **Grupos con potencial de crecemento (GPC)**, estar en condicións de presentarse á correspondente convocatoria da Xunta de Galicia no ano 2024 e comprometerse a facelo.

d. Criterios de selección

Segundo o indicado no apartado 6 do [Anexo I - Bases reguladoras](#), a Comisión de Investigación será a encargada do proceso de avaliación de solicitudes e selección de grupos adxudicatarios dos anticipos.

Os criterios de selección serán os seguintes:

- Daráselle prioridade aos grupos que teñan desfrutado de axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas nas universidades do SUG da Xunta de Galicia, na modalidade de Grupos de referencia competitiva ou de Grupos con potencial de crecemento, durante máis de unha convocatoria consecutiva, tendo en conta o número de veces que o grupo resultase adxudicatario, e se a axuda recibida foi como grupo de referencia competitiva ou como grupo con potencial de crecemento.
- Así mesmo, as solicitudes poderán ordenarse en función dos ingresos medios anuais obtidos polo grupo no período 2019-2021.
- Poderase utilizar tamén como criterio de prioridade a puntuación obtida polo grupo na avaliación das producións de investigación e de transferencia no período 2019-2021.
- En cumprimento do Plan de Igualdade da Universidade de Vigo, poderase utilizar como criterio de prioridade a paridade de xénero na composición dos grupos de investigación solicitantes, así como que a persoa coordinadora do grupo pertenza ao xénero minoritario nesta categoría dentro do ámbito de coñecemento correspondente. A aplicación deste criterio, se procede, realizarase segundo informe emitido pola Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo.

Tamén, en función do número e nivel das solicitudes e a dispoñibilidade orzamentaria, a Comisión poderá propoñer a concesión de axudas da modalidade 2 a grupos solicitantes da modalidade 1, quedando á vontade do grupo a aceptación ou renuncia da axuda proposta.